

DECRETO DA ALCALDÍA, SOBRE A CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL COAS CLAÚSULAS ESPECÍFICAS DE TRABALLOS DE INTERESE SOCIAL, AO AMPARO DA ORDE DO 12 DE DECEMBRO DE 2018 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES LOCAIS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA) E SE APROBA A SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2019.

Vistas as Bases Xerais e os seus anexos polas que se establecen as normas para a selección de persoal en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Ponteareas. Estas Bases Xerais que establecen as normas para a selección de persoal en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Ponteareas, ao amparo da Resolución do 08 de Maio de 2019 pola que se lle conceden ao Concello de Ponteareas 20 prazas para a obra ou servizo "REVALORIZACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS", con número de expediente: 220/2019 e relacionado 3772/2019

Son obxecto desta convocatoria a contratación laboral temporal, de 20 persoas para formar parte do Servizo municipal de obras, revalorización de espazos públicos, durante nove meses a xornada dun 75%, para a realización de obras de interese xeral e utilidade social competencia desta entidade local, vinculados á resolución de data 8 de maio de 2019 ditada polo Xefe Territorial do Servizo da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se lle concede ao concello de Ponteareas unha subvención por importe de 197.181,61 € ao amparo da ORDE do 12 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2019.

Visto RC e xeración de crédito emitido asinado polo Interventor accidental, derivada da subvención da consellería de economía, emprego e industria para a contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de Risga (29-xera-19)

Visto o art. 11 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) polo que se establece que *"é persoal laboral o que en virtude de contrato de traballo formalizado por escrito, en calquera das modalidades de contratación de persoal previstas na lexislación laboral, presta servizos retribuídos polas Administracións Públicas. En función da duración do contrato este poderá ser fixo, por tempo indefinido ou temporal"*.

Visto o artigo 55.1 do TREBEP que sinala que *"todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico"*.

Visto o artigo 55.2 do TREBEP que preceptúa que *“as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como establecidos a continuación:*

a)Publicade das convocatorias e das súas bases.

b)Transparencia.

c)Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.

d)Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.

e)Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.

f)Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”.

Visto o artigo 61.1 do TREBEP que dispón que *“os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrência, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto”.*

Visto o artigo 57 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, referentes aos sistemas aplicables á selección de persoal funcionario de carreira e persoal laboral fixo.

Visto o artigo 35.1 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, establece que *“[...] poderán proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo, [...].*

Os ditos contratos celebraranse conforme aos principios de mérito e capacidade, e axustándose ás normas de xeral aplicación na contratación deste tipo de persoal laboral e de acordo cos criterios de selección que se determinen [...].”.

Tendo en conta que a contratación de persoal en base a Resolución referida se realiza para cubrir servizos prioritarios do Concello co obxectivo de acadar un funcionamento eficaz dos servizos en cuestión, e con fundamento en criterios de economía e eficacia, constátase a necesidade de convocar os postos que a continuación se relacionan, para cubrir mediante a modalidade de contrato laboral temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social, os seguintes postos:

NÚM TRABA.	GRUPO COTIZACIÓN SEG. SOC.	OCUPACIÓN	CNAE 2019 (4 dígitos) / OCUPACIÓN (letra)	CUSTO UNITARIO MENSUAL				CUSTOS TOTAIS			CNO	DENOMINACIÓN
				SALARIO BRUTO (1)	%COTA PATRONAL Á SEG. SOCIAL	COTA PATRONAL Á SEG. SOCIAL	TOTAL CUSTO MENSUAL	DURACIÓN CONTRATO EN MESES	TIPO XORNADA	CUSTOS SALARIAIS TOTAIS		
8	10	PEÓNS	84	1.065,45 €	32,75%	348,93 €	1.414,38 €	9	75,00%	76.376,52 €	95121019	PEÓNS DE HORTICULTURA, XARDINARIA
2	7	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A	1.208,75 €	32,60%	394,05 €	1.602,80 €	9	75,00%	21.637,80 €	43091029	EMPREGADOS/AS ADMINISTRATIVOS EN XERAL
3	10	PEÓN VÍAS E OBRAS	D	1.065,45 €	37,80%	402,74 €	1.468,19 €	9	75,00%	29.730,85 €	96021013	PEÓNS DA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS
4	9	OFICIAL DE 3 OFICIOS VARIOS	D	1.065,45 €	37,80%	402,74 €	1.468,19 €	9	75,00%	39.641,13 €	71911012	MANTEDORES/AS DE EDIFICIOS
1	10	AUXILIAR DE MUSEO	A	1.164,25 €	32,60%	379,55 €	1.543,80 €	9	75,00%	10.420,65 €	37331030	AXUDANTE DE MUSEO
2	10	LIMPADOR/A	G	1.065,45 €	34,70%	369,71 €	1.435,16 €	9	75,00%	19.374,66 €	92101027	CAMAREIROS/AS DE PISOS
TOTAL										197.181,61 €		

Con fundamento no exposto con anterioridade e en uso das atribucións que me confire o e o artigo 21.1.g da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Convocar o proceso selectivo, mediante o sistema de concurso de mérito e entrevista, de carácter aberto.

SEGUNDO.- Aprobar as bases xerais, (Cod. Validación: AWXF4HJ4HZFMEK69XH93SWWW2) e os seus anexos, que rexerán os procesos selectivos para o ingreso, con carácter temporal, nos postos de traballo laborais do Concello de Ponteareas, para prestar servizos mediante a modalidade de contrato temporal coas cláusulas de traballos de interese social.

TERCEIRO.- Aprobar as bases específicas (Cod. Validación: 7FYZ5Y22SXN2WRP6NK33ZNC7H) que rexerán o proceso selectivo, mediante o sistema libre de concurso de valoración de méritos e entrevista para o ingreso, con carácter temporal, dos seguintes postos para o programa denominado REVALORIZACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS ao abeiro da Orde do 12 de decembro de 2018 (DOG núm. 6 publicado o nove de xaneiro de 2019)(réxime xurídico: laboral, mediante a modalidade de contrato temporal coas cláusulas de traballos de interese social) para a contratación de 20 persoas perceptoras de Risga (réxime xurídico: laboral, mediante a modalidade de contrato temporal coas cláusulas de traballos de interese social), para os postos de traballo denominados a continuación:

NÚM TRABA.	GRUPO COTIZACIÓN SEG. SOC.	OCUPACIÓN	XORNADA/DURACION		CNO	DENOMINACIÓN
			DURACIÓN CONTRATO EN MESES	TIPO XORNADA		
8	10	PEÓNS	9	75,00%	95121019	PEÓNS DE HORTICULTURA, XARDINARIA
2	7	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	9	75,00%	43091029	EMPREGADOS/AS ADMINISTRATIVOS EN XERAL
3	10	PEÓN VÍAS E OBRAS	9	75,00%	96021013	PEÓNS DA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS
4	9	OFICIAL DE 3 OFICIOS VARIOS	9	75,00%	71911012	MANTEDORES/AS DE EDIFICIOS
1	10	AUXILIAR DE MUSEO	9	75,00%	37331030	AXUDANTE DE MUSEO
2	10	LIMPADOR/A	9	75,00%	92101027	CAMAREIROS/AS DE PISOS

CUARTO.- Ordenar a publicación da presente convocatoria, bases e anexos no taboleiro de anuncios dixital e na páxina web do Concello (www.ponteareas.es).

QUINTO.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Persoal, AEDL, intervención para o seu coñecemento e efectos.

SEXTO: Presentar ante o Servizo Público de Emprego as ofertas por categoría e características enumeradas anteriormente.

Mándoo e asino en Ponteareas, á data que consta á marxe.

O Alcalde,